**Querida amiga,**




...a vida en parella non é fácil, ás veces debemos ceder,
pero non tes porque ser sempre ti:


Se non lle gustan as túas amizades,
non deixes de quedar con elas,
a quen teñen que gustarlle é a ti.


Se non lle gusta como vistes
ou como te pintas,
…é que non entende de estilismo.


Se hoxe tivo un mal día, que non traia os problemas para a casa.



**Se un día che pide que non saias e fiques na casa agardando … faille ver que esa é unha postura egoísta.**


Se chega bébedo á casa…
que non se repita máis.


Se unha noite á cea lle falta sal…
mellor que se prepare uns ovos fritos.


Se controla as túas chamadas ou vixía
os teus correos,
non xustifiques os seus celos,
recoméndalle unha cita en psicoloxía.


Se por facerse o gracioso
te deixa quedar mal en público,
advírteo de que non volva facelo.


Se te ameaza, fala co teu avogado
ou coa túa avogada.

Todas estamos expostas á violencia de xénero,

pode aparecer en calquera momento

… e de diversas formas




Só temos que darnos conta …


sen agardar a ter os signos máis evidentes:
os berros, as labazadas, os empurróns, os abusos, as violacións, as malleiras,
a soidade, o encerro…


Non envellezas esperando a que cambie,
non lle deas segundas oportunidades …



**Non sexa que as aproveite para facer chorar aos que realmente te queren.**


LEMBRA
Ti non tes a culpa do seu mal humor,
ti non es a causante dos seus
ataques de ira…

# Máis ca nunca…



**Non dubides en buscar saída,**
**non estás soa, estamos preto de ti.**

**A Casa da Muller conta con persoal cualificado que che prestará asesoramento, información, orientación e, sobre todo,**
**apoio e respecto ás túas decisións …**




# DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO

## 25 DE NOVEMBRO DE 2009

## CONCELLO DE LUGO

**Casa da Muller**
**avda. da Coruña, 212**
**27003 Lugo**

**Teléfono: 982 297412**
**FAX: 982 297413**

Concello de Lugo

Casa da Muller